

D./D<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_  
domiciliado/a en \_\_\_\_\_  
teléfono \_\_\_\_\_ e dirección de correo electrónico \_\_\_\_\_

### **EXPÓN :**

Que **eTwinning** é unha acción educativa da **Comisión Europea** integrada no **Programa de Aprendizaxe Permanente** como medida de acompañamento de *Comenius* que ten como obxectivo promover e facilitar o contacto, o intercambio de ideas e o traballo en colaboración entre profesorado e alumnado a través das TIC. Trátase dunha acción que busca un avance nas dinámicas de mellora da calidade educativa **favorecendo a innovación nos propios centros a través do traballo por proxectos** que propician a motivación e o **traballo activo e colaborativo** do alumnado e do profesorado implicado nunha esfera internacional que favorece o **plurilingüismo**, sendo proxectos que teñen un alto potencial de transferibilidade tanto no propio centro no que se orixinan como no resto da comunidade educativa galega.

Que, dende o inicio do programa, foron fundados por profesorado galego uns 200 proxectos.

Que, ano tras ano, **proxectos con participación galega obteñen o recoñecemento do Selo de Calidade Nacional, Selo de Calidade Europeo, Premio Nacional e mesmo Premio Europeo.**

Que todos estes recoñecementos son concedidos ben polo Servizo Nacional en Madrid ben polo Servizo Central en Bruxelas, logo dunha **avaliación que atende a criterios de innovación pedagóxica e creatividade**, integración do proxecto no currículo, colaboración entre os centros escolares asociados, uso creativo das TIC, continuidade e proxección do proxecto e os seus resultados e beneficios .

Que na actualidade trece comunidades educativas e o territorio MECD recoñecen ao profesorado o seu labor en proxectos eTwinning.

Que O artigo 105 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece que as administracións educativas favorecerán o recoñecemento do labor do profesorado dos centros públicos que amose unha especial dedicación ao centro e á implantación de plans que supoñan innovación educativa.

É polo que

### **SOLICITA:**

**Que a participación do profesorado e dos centros públicos galegos en proxectos eTwinning que teñan acadado Selo de Calidade Nacional sexa recoñecida como actividade de innovación educativa. Polo mesmo, que aqueles proxectos que xa acadaran o recoñecemento de Selo de Calidade Nacional, Selo de Calidade Europeo, Premio Nacional ou Premio Europeo sexan recoñecidos, na forma que a administración determine, con carácter retroactivo, como actividade de innovación educativa.**

En \_\_\_\_\_ , a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Asdo.

Sr. DIRECTOR XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA